

Co financiamento de:



2025: 12 meses de sensibilización en prol da IGUALDADE NO EIDO LABORAL

Xaneiro do 2025

FEMINISMO

O feminismo, segundo o *Diccionario de la lengua española* da RAE, defínese como o «principio de igualdade de dereitos da muller e o home» e, na súa segunda acepción, como «movemento que loita pola realización efectiva en todas as ordes do feminismo».

Outros dicionarios recollen diversas definicións para o feminismo como conxunto de movementos sociais que teñen unha meta común: a igualdade entre mulleres e homes e a fin da opresión masculina, a través das distintas violencias, sobre as mulleres.

Así, o *Diccionario de uso del español* de María Moliner di que é a «doutrina que considera xusta a igualdade de dereitos entre homes e mulleres. Movemento encamiñado a conseguir a igualdade».

Pola súa parte, a investigadora histórica Victòria Sau i Sánchez define o feminismo como «un movemento social e político que se inicia formalmente a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano, da opresión, dominación e explotación de que foron e son obxecto por parte do colectivo de varóns no seo do patriarcado baixo as súas distintas fases históricas de modelo de produción, o cal as move á acción para a liberación do seu sexo con todas as transformacións da sociedade que aquela requira».

Simone de Beauvoir, filósofa francesa do século XX, definiu as mulleres como «o segundo sexo» aludindo a esa relación androcentrista das mulleres e do mundo, en xeral, respecto dos homes e mais á propia definición de cidadanía (as mulleres estaban consideradas como cidadás de segunda). Tamén define a ideoloxía e o movemento feminista como «un modo de vivir individualmente e de loitar colectivamente».

En definitiva, todas as posibles definicións concorren en que se trata dun movemento político, social, académico, económico e cultural, cuxa pretensión última é xerar conciencia para facilitar a transformación das relacións sociais desiguais, lograr a igualdade entre persoas e eliminar calquera forma de discriminación ou violencia contra as mulleres.

Quedemos cunha das definicións máis sinxelas pero tamén máis exacta, a que fai Caitlin Moran no seu libro *Más que una mujer* (2022, Anagrama): «O feminismo é unha cousa moi sinxela: a fe na igualdade social, económica e política dos sexos».

ANDROCENTRISMO

Este enfoque, presente en todas as ramas do saber, só ten en conta a perspectiva masculina para xeneralizar despois os resultados a toda a poboación. Chéganos así unha visión tendenciosa do mundo na que o home é o centro de todas as cousas. Ao ser unha

concepción negada da realidade, supón a asunción de que a única mirada posible e universal é a masculina.

Pero, ao identificar o universal e neutro coa realidade exclusivamente masculina, implica a invisibilidade das mulleres e da súa realidade. Négase a mirada feminina e ocúltanse as achegas das mulleres. A transmisión cultural do androcentrismo acapara desde a tradición oral e o refraneiro popular, ata os tratados científicos, artísticos e relixiosos, convertendo a sociedade nun lugar de invisibilización da perspectiva e da experiencia das mulleres.

PATRIARCADO

O sistema patriarcal, ou patriarcado, asúmese como unha manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e menores da familia, que se amplía ás mulleres da sociedade en xeral, para o cal a reacción máis lóxica será o feminismo.

Algunhas definicións do patriarcado explícanlo como un sistema completo, construído ao longo da historia, para enxalzar a supremacía do varón sobre o poder e a propiedade. Co exercicio dun liderado indiscutible, apoiado no androcentrismo, perpetúa o control dos homes sobre os recursos e as mulleres mediante prácticas de violencia. Por iso, nos anos 70, o feminismo comezou a colocar este sistema androcéntrico como eixe central da opresión das mulleres.

MACHISMO

O machismo busca a superioridade do home respecto da muller. Trátase dunha ideoloxía que defende a desigualdade en aspectos sociais, culturais e económicos, situando os homes por encima das mulleres e xustificando formas de opresión, dominación, segregación e violencias específicas que sofre quen non sexa home.